

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a empresa Centro de Jardinería Gavín, C.B., en materia de formación profesional dual.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade formalizou o 15 de outubro de 2021 coa empresa Jardinería Gavín, C.B., o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 31 de agosto de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a adhesión da empresa Jardinería Gavín, C.B., ao Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e varias empresas (Carronza, S.L., Forestal Díaz Casariego, S.L., Transformaciones Agrarias Isidro Hermanos Blanco Trigo, S.L., Noroeste Agropecuario, S.L., Landelar, Agroxardinería Servet, S.L., Viveros y Servicios Forestales Caselas, S.L., Viveros Costa de Lóngaras, S.L.U., Antonio Alvariño, S.L., Fomento Vegetal, S.L. e Xacermo Agro, S.L.U.), para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas, asinado o 9 de xullo de 2021 .

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

A empresa Jardinería Gavín, C.B., está disposta a participar no proxecto de implantación da formación profesional dual en Galicia, acolléndose á modalidade regulada no artigo 3.1, alínea b) do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, na que a empresa facilita ao centro de formación os espazos, as instalacións ou as persoas expertas para impartir total ou parcialmente determinados módulos profesionais ou módulos formativos.

O alumnado participante será beneficiario de bolsas, non terá en ningún caso vinculación laboral coa empresa e non poderá establecerse entre esta e aquel ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación e a aprendizaxe, previsto no artigo 11 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, polo que o alumnado acollido a este réxime de bolsas queda absolutamente excluído da lexislación laboral.





O proxecto de formación profesional dual deste convenio, que é de carácter experimental, ten as seguintes características:

- a) Este proxecto toma como referencia o currículo de formación profesional establecido no Decreto 192/2013, do 27 de decembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Aproveitamento e conservación do medio natural.
- b) Terá como duración desde o 15 de setembro de 2021 ata o 31 de agosto de 2023.
- c) A formación impartirase de xeito compartido entre o centro educativo e a empresa asinante, garantindo a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos no ciclo formativo correspondente e a obtención do título de técnico en Aproveitamento e conservación do medio natural.
- d) Ademais, atendendo ás características da empresa, o primeiro ano de vixencia destes proxectos dedicarase un 10 % do tempo de estadia do alumnado nas empresas á formación complementaria á establecida no currículo do ciclo formativo correspondente, para reforzar a formación do alumnado e mellorar a súa empregabilidade. No segundo ano, esta porcentaxe será do 5 %.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

